

Un italiano de nación e devoción en Cangas (II)

O industrial conserveiro e cónsul logrou campo para o Alondras



A casa vivenda da salgadeira de Paganini, único vestixio na actualidade. / Arquivo do autor

Xerardo Dasairas

Cangas, 10 MAR 2024 – Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/03/10/italiano-nacion-devocion-cangas-ii-99260398.html>

Continuamos coas anotacións arredor deste personaxe e a súa contextualización histórica nos períodos republicano e franquista, o primeiro dunha discreta convivencia e o segundo de plena colaboración por afinidade ideolóxica. A influencia do Fascio italiano na Falange vai ser importante en canto ao que supuxo a súa ideoloxía, estrutura, parafrenalia icónica e militar e mesmo sistemas represivos da mesma, a imitación dos Camicie Nere.

Benito Mussolini “Il Duce” era de Bueu



Corrían os últimos días do mes de xuño de 1926, Mussolini e o seu Fascio xa alcanzaban cotas de popularidade, non só en Italia senón tamén entre os militares que gobernaban España baixo a ditadura de Primo de Rivera.

Nisto que na Arxentina se orixina un curioso debate sobre a orixe do “Duce” argumentándose que tiña nacido neste país, de pais italianos emigrados e asentados na Pampa e que o seu nome Benito, e non o italiano Benedetto, acreditan esta orixe arxentina...(?)

Mais, contra esta opinión vaise pronunciar o historiador do Ferrol, Ramón López Teijeiro, quen argumenta publicamente que Mussolini era de orixe galega e máis concretamente de Bueu: Afirmo que nesta vila hai unha familia de apelido Muxolín da que un fillo emigrara a Arxentina, asentándose nunha vila denominada Puan (Prov. Bos Aires) onde casou coa filla duns italianos, tamén emigrantes, coa que tiivo un fillo chamado Benito. Ao falecer o emigrante bueuense, a muller e o fillo retornaron a Italia e o apelido Muxolín (?) foi italianizado como Mussolini. Pero aínda argumenta máis, dicindo que este apelido vén de muxo e que os traíñeiros da zona lle chaman “muxoliños” aos rapaces do mar que traballan nos barcos...(?)

Non sabemos como reaccionaron as autoridades locais e veciños, quizáis abraiados e desconfiando desta nova, pero os tudescos locais Gaggero, Montemerlo, Paganini... que opinaban? De seguro que en principio, ao mellor levaron unha sorpresa, pero cabe pensar que a súa reacción máis atinada fose a de levaren as mans á cabeza, ante tamaños dislates non exentos de retranca...


Mussolini de Bueu. // ARQUIVO DO AUTOR

A separación de Guido Paganini da vida empresarial canguesa e a súa total dedicación ao cargo consular en Vigo foron motivos que alonxarían ao italiano de participar na vida municipal nestas datas da ditadura de Primo de Rivera, ao contrario que outros conserveiros que tiveron moita participación neste eido tanto en Bueu como en Cangas. Un fito na curta traxectoria empresarial de Paganini como conserveiro, tamén vai ter lugar no mesmo ano 1928 ao adqueriren os Massó, liquidando a súa da débeda co Banco di Roma, a súa fábrica do Salgueirón, que quizáis tamén fose afectada, como outras, pola creba do Banco de Vigo, aínda que algunhas fontes tamén apuntan a un incendio. Este mesmo ano, a súa filla Cornelia (Niní) vai partir para Xénova para continuar os estudos musicais no conservatorio “Nicolo Paganini” que xa iniciara en Cangas no colexio da Enseñanza da Compañía de María.



Saque de honra de Nené, filla de Paganini, na inauguración do campo de San Roque, abril de 1929. // Arquivo do autor

O ano 1929 vai ser importante para o fútbol cangués pois o Alondras, fundado no ano anterior, non daba atopado un campo onde xogar e Guido Paganini, que era secretario do club, conseguiría de Cervera un terreo en San Roque, que se inauguraría oficialmente o 21 de abril, sendo a súa filla Nené, presidenta de honra, quen fixese o saque de honor. Guido Paganini tamén ostentaría a presidencia da Sociedade de Caza e Pesca de Cangas no 1930 na que alternaría o cargo con Fernández Cervera durante algúns anos. Nestas datas, **a familia de Paganini contaba cunha tenda en Montero Ríos na altura do actual Banco Pastor, sendo agora a súa única relación coa conserva, a que mantiña coa fábrica do seu sogro Montemerlo en Ojea** ou a que o seu irmán Marcos abriu no Forte en 1931. A apertura desta fábrica contaría coa colaboración de Guido, que seguía inscrito como industrial da conserva, outorgándolle ao seu irmán ante o notario de Cangas, García Moliner, a continuación do negocio. Asemade, e moi importante, foi o traspaso ao seu irmán, da concesión que Guido tiña da admisión de follalata extranxeira na Aduana de Vigo, obtida por Real Orde de 14 de Novembro de 1927. Desta fábrica do Forte só sabemos que en 1934 xa aparece en asociación con Nogueira y Cía e cabe que desaparecese ou se traspasase (a Legarda?) co inicio da guerra civil pois non volvimos a ter referencias dela.



Permiso para explorar o pecio de Aldán. / Arquivo do autor

Cabe que, por razóns obvias, non sabemos moito da actividade consular de Guido Paganini agás actos ou intervencións públicas propias do seu cargo como a asistencia ao enterro dun mariñeiro do navío italiano de guerra "Pisa" con todos os honores. Porén, tén gran presenza na vida social de Cangas, sobre todo colaborando coa cesión do campo do Alondras ou aportacións monetarias en todos os actos benéficos e solidarios nos que sobranceaban os numerosos naufraxios que se producían nestas datas. **Por referencias orais constan algunhas anécdotas resaltables como o seu desprazamento cotiá na súa lancha motora desde Cangas a Vigo e o retorno, en días de bo tempo.** Como o motor non era refrixerado, tiña que deterse de cando en vez a botarlle auga, operación que levantou a admiración dos mariñeiros que faenaban, ao pensaren que o devandito artilluxio náutico era **unha invención de Paganini que conseguira que funcionase con auga salgada.** Outra intervención destacada foi a solicitude que lle fixo ao Goberno para reflotar o pecio dun barco veleiro, quizáis a fragata Jean, que levaba desde 1876 afundida na ría de Aldán e que contiña un

cargamento de mármore e metais. A súa petición foi atendida e aprobada por disposición real o 9 de outubro de 1929, mais descoñecemos se sacou adiante este proxecto, pois estes asuntos levábanse con moito secreto para evitar os saqueos.



Paganini paseando pola ría a Marconi na súa canoa-automóvil en1928

Los progresos del Sport

Desde hace varios días es la curiosidad pública un precioso barquito que surca nuestra bahía y pasea hasta los muelles vigueses a una velocidad no observada en esta ría.

Su propietario, el convecino nuestro don Guido Paganini, cónsul de Italia en Vigo, tuvo la amabilidad de enseñarnos el aludido barquito y sólo podemos decir que es un verdadero mueble de caoba y cedro, con tornillos y herrajes de cobre, con un peso de 58 kilos, insumergible por tener una cámara de aire. Su motor, de dos cilindros, desarrolla 3.500 revoluciones si bien su tipo no es más que de 8 H.P.

Lo más interesante de su funcionamiento es que las vueltas y virajes realízanse a toda velocidad y sin parar el motor, lo que da una sensación indescriptible, no sólo a los nautas que lo tripulan sino a quién desde tierra lo observa.

Como de esta villa se adquirieron otros del mismo tipo que en breve, con su motor de aeroplano, atronarán el espacio, de seguro surgirá un nuevo Sport de regatas a motor, de que carece la espléndida bahía de Vigo.

Paganini, vendedor de lanchas motoras en 1928. / Archivo do autor

O ambiente prerrepblicano que xa se vivía en marzo de 1931 daría pé a que o “Alondras C. F.” se prestase nestes anos, pola intermediación de Paganini, a xogar partidos a prol da Vejez del Marino ou dos pobres e enfermos, organizados pola cenetista Alianza Marinera, que os Cervera cedesen gratuitamente o campo de San Andrés ou do Tobal e que o lider radical republicano Emiliano Iglesias fose quen donase o trofeo en disputa. Outra anécdota deportiva había producirse a mediados deste mesmo mes, cando o **Alondras tén que desprazarse a Vigo para disputar co Celta un trofeo donado por Vapores de Pasaje. Nesta ocasión**, a ubicación ideolóxica do organizador Paganini, había merecer a atención da prensa viguesa republicana que aludía á súa representación como cónsul do Fascio de Italia en Vigo con residencia en Cangas e admirador de Mussolini. Non cabe dúbida de que esta filiación política foi a que motivou que cando o Alondras foi xogar o partido a Vigo, un xornalista, tomando o todo pola parte, resaltase na súa crónica que “el ambiente de las avalanchas del fascio del otro lado del mar, va a ser algo único”. O xornal republicano “El Pueblo Gallego”, con maior intención que descoñecemento, adoitaba referirse a el, utilizando a posta o nome de Guido Paganini Musolini, incluso cando fixo a súa aportación solidaria para os náufragos da motora “Azaña”.

GACETA DE MADRID

Sábado 3 de Marzo de 1932

MINISTERIO ÓRDENES

Vista la instancia elevada a esa Dirección general de Aduanas por don Guido Paganini Picasso, concesionario de la Real orden de admisión temporal de hojalata de fecha 14 de Noviembre de 1927, en la que solicita que la cuenta corriente que tiene abierta en la Aduana de Vigo sea puesta a nombre de su hermano D. Marcos Paganini Picasso, por haberse éste hecho cargo del negocio de salazón, así como de la expresada cuenta corriente:

Resultando que el solicitante aporta a su instancia el recibo de la contribución industrial, acreditativo de la industria de salazón que ejerce en Cangas de Morrazo (Pontevedra), e igualmente aporta un testimonio notarial, expedido por el Notario de la expresada localidad, D. José P. García Moliner, por el que se acredita que D. Marcos Paganini Picasso es continuador de los negocios de su hermano y que ha adquirido también la propiedad de la cuenta corriente de admisión temporal abierta en la Aduana de Vigo, para la importación en el expresado régimen de hojalata en blanco.

Considerando que probado que don Marcos Paganini Picasso es el continuador de los negocios de su hermano y que ha adquirido en forma reglamentaria la propiedad de la cuenta corriente de admisión temporal de hoja lata, no hay inconveniente en que se acceda a lo solicitado, ya que con ella no hay lesión para los intereses del Tesoro.

Este Ministerio, conformándose con lo propuesto por esa Dirección general, se ha servido disponer sea puesta la cuenta corriente de admisión temporal abierta en la Aduana de Vigo, a nombre de D. Marcos Paganini Picasso, hermano de D. Guido Paganini Picasso, concesionario de la Real orden de admisión temporal de la hojalata otorgada a nombre del segundo por Real orden de fecha 14 de Noviembre de 1927.

Lo que comunico a V. I. para su conocimiento y efectos. Madrid, 4 de Marzo de 1932.

P. D.
VERGARA
Señor Director general de Aduanas

Apertura fábrica de Marcos Paganini no Forte. / Arquivo do autor

Coa proclamación da Segunda República, chegarían centos de antifascistas italianos desde Francia que non só puxeron en cuestión a condición dos Fasci de verdadeiros representantes da italianità, senón que os colocarían nunha posición de debilidade que os obrigaría a se recluiren na esfera privada. Como consecuencia, tiveron que diminuír as súas actividades públicas fascistas e o goberno italiano pediríalles que non ocasionasen tensións coas autoridades republicanas. Esta baixa actividade dos Fasci en Vigo daría pé a que Paganini aparecese xa con frecuencia participando nas festas sociais ou **acompañando ao Club Rodeiramar como directivo, nos desprazamentos a diversas localidades nas competicións de natación ou de piraguas**. Por referencias que **temos dos balnearios de Verín, na segunda quincena de xuño de 1931 quedou constancia da presenza no balneario de Sousas, dos súbditos italianos Marcos Paganini, Niní Paganini e Inés Montemerlo**, beneficiándose das súas salutíferas augas. Precisamente, Marcos había enviuar ao falecer en Cangas a sua muller Magdalena Armella Zaecheo a finais de outubro de 1935.



Voda de Cornelia Paganini e Manuel Lago, en xuño de 1935. / Arquivo do autor

Como dixemos, descoñecemos as implicacións consulares nos movementos monárquicos españois contra a República, que xa mesmo desde 1932 buscaban o retorno do rei Afonso XIII, pero consta que no 1934 firmaran un acordo con Mussolini para o suministro de 50 avións de guerra para daren un golpe de estado. Este convenio ratificaríase finalmente con figuras relevantes como o xeneral Sanjurjo e José Calvo Sotelo o día un de xullo de 1936, dezasete días antes do levantamento militar contra a República. Neste periodo, os fascistas italianos optarían por actividades de perfil máis cultural, ordenándolle o goberno italiano ás delegacións consulares que evitasen roces políticos co executivo español, aínda que si os houbo.

Aínda que sen datos das actividades consulares de Paganini, enxergamos que a partir de 1935, o Ministero degli Affari Esteri (Asuntos Exteriores) estimularía aínda máis a acción cultural a desenvolver, incorporando masivamente elementos de carácter propagandístico e impartindo cursos regulares sobre lingua, literatura, filosofía, economía, teatro, arte, música e historia de Italia. Esta nova oferta cultural era un “produto envasado” nos institutos italianos de cultura coa impronta e o carimbo fascista. Prevían, xa que logo, abrir unha sección en Santiago e delegacións en Vigo, A Coruña, Ferrol e Lugo, atendidas cadansua por un profesor. Aínda na altura do ano 1940, xa co Franquismo, a penas abriaran delegacións do Istituto della Cultura Italiana en Vigo e na Coruña.

* Mestre e investigador